

REFLOTANDO UN SUBMARINO EN TAMBO

Por: Yago Abilleira Crespo

No ano de 1952, un vello submarino, usado coma buque albo para as prácticas de tiro pola Escola Naval, resultou afundido preto de Tambo. Esta é a historia de como volveu á superficie, no que creemos que é o único reflotamento dun submarino en Galicia.

O asunto saltou buscando eu información doutros submarinos. Dende o Órgano de Historia y Cultura Naval, da Armada Española, déronme algunha pista, e puiden localizar o artigo que escribiu o enxeñeiro que dirixiu a operación, que é a principal fonte deste artigo.

O submarino en cuestión é o *C1*, tamén chamado *Isaac Peral*, duns 70 metros de longo, construído en Cartagena (Murcia) a mediados da década de 1920. Non tivo unha historia especialmente intensa. Durante a Guerra Civil operou baixo as ordes da República, ata que un avión de Franco o atacou ata afundilo no porto de Barcelona. Foi reflotado e levado a un estaleiro, onde acabou capturado trala caída de Barcelona, coas cargas de autodestrución colocadas pero non activadas. Tras ser reparado, prestou servizo coma buque de superficie para adestramentos de futuros submarinistas. Posteriormente foi recalificado coma buque albo e levado a Marín.



O submarino C2, idéntico ó C1, no varadoiro de Tiburcio entre xuño de 1956 e xullo de 1956. APM. Estudios Ocaña.

Xa en 1952, foi usado para uns exercicios de tiro, no que recibiu uns impactos. Era un venres e quedou ancorado preto de Tambo, pero o domingo xa non se vía. Estaba afundido a uns 35 metros de profundidade, e a Armada optou por reflotalo, encargándolle a tarefa ó entón Capitán de Enxeñeiros Navais Ángel del Río y Jáudenes.

O primeiro problema foi localizar o naufraxio. Comezaron usando buzos con escafandro de bronce, pero era complicado e acabaron usando “ranas”. Finalmente atopouse o somerxible e fóronselle tapando os buratos dos canonazos. Tras moito meditar, optouse por achicar a auga do interior con aire comprimido e un intelixente e sinxelo sistema de tubarías, coma o que se ve no esquema, por varios compartimentos do *C1* e que se foi probando un a un. O aire ía desaloxando a auga e así a nave saíría á superficie. Para maior seguridade e control, dúas potentes grúas, enganchadas ós cáncamos de proa e popa, axudarían na labor.

Pero as cousas nunca saen coma un quere. Cando xa estaba todo listo, preparáronse as grúas e, as primeiras de cambio, o cáncamo de proa rompeuse, imposibilitando así o uso da outra grúa, pois podería descompensar o izado. Vistas as opcións, optouse por facelo “ás bravas” metendo aire comprimido no submarino a toda potencia e agardar que a cousa fose ben.

En apenas cinco minutos, o submarino asomou de novo. Era tal a presión do aire que, ó chegar a superficie, saíron de dentro uns enormes “géiseres” de auga que chegaron ata os 20 metros de altura, coma se fose unha balea resollando. Seica os mariños que estaban nos labores de salvamento lanzaron as súas gorras ó aire, e non sería para menos, vaía espectáculo tivo que ser aquilo!.


O somerxible foi levado ata a praia de Tambo, onde se lle fixeron outras reparacións de urxencia. Posteriormente foi remolcado ata Cartagena e posto á poxa en 1959 coma chatarra.

BIBLIOGRAFÍA:

Salvamento del submarino C-1 hundido a 35 metros de profundidad, convertido en buque blanco para tiro naval. Ángel Díaz del Río y Jáudenes (Teniente Coronel de Ingenieros Navales), Revista Ingeniería Naval, ano LXX, N° 789, Xaneiro 2002. Dispoñible na web sectormaritimoes.com

FUENTE:

Archivo General del Puerto de Marín, Autoridad Portuaria de Marín y Ría de Pontevedra.



Esquema de como se achicou o submarino soamente metendo aire.